# O ESTADO CRU

Por
Iria Sobrado



**Sábado 26 de maio**
**ás 22.30 horas**
**Entrada 10 euros.**
**Prazas limitadas**

O **Teatriño** é unha actividade da Fundación Luis Seoane, comisariada por Camilo Franco, coa fin de pescudar unha relación directa entre actrices da escea galega e o público. Durante 45 minutos unha actriz poderá efectuar un acto performativo diante do público. Dela dependerá o texto, posta en escea, vestiario, presentación... nunha montaxe única que non voltará a repetirse máis. O Teatriño estréase neste mes de marzo de 2018, mes da muller e do teatro.

FUNDACIÓN LUIS SEOANE



O teatro é unha dimensión da realidade. Ás veces decórase e outras íspese. O teatro é como a vida vista ao microscopio e por iso parece axeitado velo de cerca e ao natural. Eliminar a distancia entre as actrices e as espectadoras é a intención do **Teatriño**. Deixar que cada intérprete conte o que queira e como queira co menor artificio posible. Cos espectadores como parte indispensable da súa contorna. É un teatro inesperado para cambiar o lugar da escena e o lugar das espectadoras. Para que todo o que cambie leve ao feito teatral ao mesmo lugar no que estivo na súa orixe: a ese encontro humano e directo entre quen quere contar unha historia e quen quere escoitar.

Secar as dúbidas ao sol
abertas en canal
a peito descuberto

Coa valentía de asumir os restos
e as súas arganas

Non ser a mesma
mudar a codia
que envolve a espiña atravesada no peito

Coa franqueza de facerme vulnerable ás sombras
e habitar constantemente un corpo ingrávido

Na véspera da devastación

O tempo é mentira

Iria Sobrado

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

San Francisco, 27- 15001 – A Coruña
+34 981 21 60 15
info@fundacionluisseoane.gal
www.fundacionluisseoane.gal

COLABORA:

GADIS

BODEGAS RECTORAL de AMANDI